

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2016, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 12 de abril de 2016 (Diario Oficial de Galicia número 84, do 3 de maio), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 22 de decembro de 2016 constituíuse o tribunal nomeado pola Orde do 24 de novembro de 2016 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, e acordou, de conformidade co disposto na base II.1.1.1. da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día oito (8) de febreiro de 2017, nas aulas número 2 e 11 da Escola Galega de Administración Pública, en chamamento único que se iniciará ás 15.30 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016

Manuel Mateo Díaz
Presidente do tribunal

